

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/11/2019 8:36:25

SAIDA 12848/19

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 155/2019

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 29 de outubro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 29 de outubro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a falla de contestación á súa solicitude dirixida á Alcaldía de Culleredo (A Coruña), solicitando información acerca de se, nun proceso selectivo mediante o sistema de concurso, de 2 prazas de policía, se tiveron en consideración os requisitos de permanencia mínima de dous anos, no caso de que os aspirantes concorrentes obtivesen, con anterioridade, praza de policía noutro corpo de Policía Local de Galicia mediante o sistema de concurso ou permuta, tal e como contempla a Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia, así como as causas que puidesen motivar a súa omisión.

O reclamante solicita a mediación da Comisión de Transparencia de Galicia para ser informado de si o Concello de Culleredo tivo en consideración o requisito de permanencia mínima de dous anos no posto obtido por concurso ou permuta dos aspirantes concorrentes ao proceso de concurso entre persoal funcionario de carreira doutros corpos da Policía Local de Galicia, tal e como contempla a vixente Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, do mesmo xeito que as causas que puidesen motivar a súa aplicación ou omisión.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada ao Concello de Culleredo, copia da resolución contra a que reclama e copia do seu DNI.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra as resolucións expresas ou presuntas en materia de acceso á información pública poderá interperse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, que terá a consideración de substitutiva dos recursos administrativos, así como un carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa. O procedemento para a tramitación da reclamación será o establecido nos parágrafos 2 a 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que a tramitación da reclamación se axustará ao establecido en materia de recursos pola normativa de procedemento administrativo vixente.

No presente caso, o reclamante participou nunha convocatoria para a obtención dunha praza vacante no corpo de Policía Local do Concello de Culleredo, e con data do 3 de xullo de 2019, solicitou á Alcaldía de Culleredo, información acerca de se no proceso selectivo, se tivo en consideración os requisitos de permanencia mínima de dous anos, no caso de que os aspirantes concorrentes obtivesen, con anterioridade, praza de policía noutro corpo de Policía Local de Galicia mediante o sistema de concurso ou permuta, tal e como contempla a Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia, así como as causas que puidesen motivar a súa omisión, sen obter resposta.

Trátase por tanto dun expediente no que o reclamante participa para a obtención dun posto de Policía Local, no que actúa na súa condición de interesado e no que cuestiona mediante a

presentación dun escrito de alegacións, si se aplicou ou non un requisito de permanencia aos aspirantes no procedemento, e contra a falla de contestación a esas alegacións, presenta reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia.

Non se trata por tanto dunha solicitude de acceso á información pública coa que o interesado estea descontento, senón dun procedemento específico de provisión dun posto de traballo no que o reclamante, que ten a condición de participante no procedemento e por tanto interesado, e cuestiona que se teña esixido un requisito aos participantes admitidos, que a Lei do emprego público de Galicia establece.

A reclamación por tanto non pode ser admitida porque non se dirixe contra a falla de contestación a unha solicitude de acceso á información, senón contra a falla de contestación a unha reclamación nun procedemento de provisión dun posto de traballo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data 29 de outubro de 2019, contra a falla de contestación á súa solicitude dirixida á Alcaldía de Culleredo (A Coruña), solicitando información acerca de se, nun proceso selectivo mediante o sistema de concurso, de 2 prazas de policía, se tiveron en consideración os requisitos de permanencia mínima de dous anos, no caso de que os aspirantes concorrentes obtivesen, con anterioridade, praza de policía noutro corpo de Policía Local de Galicia.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

76706870F Firmado digitalmente
 por 76706870F MARIA
MARIA DOLORES DOLORES FERNANDEZ
FERNANDEZ (R: S6500009C)
S6500009C) Fecha: 2019.11.27
 11:34:13 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.